



ATA A VOLTA

Prezada comunidade:

>>> AVANZANDO no noso posicionamento **internacional** e na captación de **talento investigador excelente**, abordamos esta semana a **identificación de supervisoras/es MSCA** entre o persoal adscrito do noso centro. A comisión de selección da chamada aberta o pasado mes de xuño ven de rematar a selección de candidaturas, que precisan agora das vosas manifestacións de interese para que poidamos realizar o matching entre potenciais candidatas/os MSCA e IPs de ECOBAS interesadas/os.

No apartado de **formación**, dende o pasado 9 de xullo temos con nós aos **seis estudantes** beneficiarios das **Bolsas de Verán ECOBAS de Inicio á Investigación**. Na súa estancia, acompañada do persoal de ECOBAS, desenvolven un itinerario de tarefas dirixidas para achegarse de primeira man á actividade de investigación, transferencia e divulgación do noso Centro.

Como novidade moi salientable para a nosa **actividade de Transferencia**, estivemos hai uns días na presentación da nova liña de axudas **NEXOS**, convocatoria que está a piques de ser publicada no DOG e que estará dotado con máis de 20M€ para apoiar proxectos de I+D+i entre empresas e centros de investigación. **As empresas precisan de nós e aí debemos estar**, dacordo ao nos espírito innovador, de transformación e achega de valor ao tecido produtivo e á sociedade.

Antes de arrancar as ansiadas vacacións, lembre que seguen abertas dúas convocatorias:

- Convocatoria de AXUDAS ECOBAS para **co-financiar os desprazamentos** do persoal investigador adscrito ao centro e que sexan **realizados promocionando ou desenvolvendo as liñas estratéxicas da Axenda Científica de ECOBAS**. ABERTA ata o 12/09/2025.
- Convocatoria de AXUDAS ECOBAS para a realización de **actividades de I+D+i**, destinada ao **persoal investigador adscrito** ao centro de investigación ECOBAS. ABERTA ata o 25/09/2025.

Co inicio do novo curso 25/26, na semana do 8 de setembro arrancaremos tanto o ciclo de seminarios de doutoramento (xoves) coma o ciclo de seminarios de investigación senior (venres). O novo ano académico traerá ademais unha importante novidade na oferta de mestrados, pois botará a andar a primeira edición do **Mestrado Interuniversitario de Economía Circular**, titulación das tres universidades públicas galegas que se pon en marcha coa coordinación da investigadora de ECOBAS e profesora da UVigo, **Elena Rivo**.

Moitas grazas pola vosa participación nas actividades formativas, convocatorias e eventos programados ata aquí, así como pola vosa contribución, como comunidade, ao crecemento e consolidación de ECOBAS. Desexámosvos un moi feliz verán e vémonos á volta!!! Ata entón, moitos saúdos de todo o equipo :)

## CONVOCATORIAS ABERTAS



### >>> AXUDAS ECOBAS PARA A MOBILIDADE DE PERSOAL INVESTIGADOR

2025

O obxectivo desta convocatoria é o de **co-financiar os desprazamentos do persoal investigador vinculado** ao centro e que sexan realizados promocionando ou desenvolvendo as liñas estratéxicas da Axenda Científica de ECOBAS, e contribuíndo ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS como centro de investigación.

Para a xestión das axudas se establecen catro periodos de solicitude e a convocatoria permanecerá **aberta ata o 12 de setembro de 2025**.

• Accede [AQUÍ](#) á información completa: [BASES DA CONVOCATORIA](#) e aos distintos [Anexos](#).



### >>> AXUDAS ECOBAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+i

2025

O segundo prazo para a presentación de proxectos á convocatoria de AXUDAS ECOBAS 2025 para a realización de actividades de I+D+i, destinada ao **persoal investigador adscrito** ao centro de investigación ECOBAS permanece aberto:

- Obxectivo: promover e apoiar a realización de actividades de I+D+i por parte do persoal investigador do centro ECOBAS, especificamente aquelas que posibiliten o desenvolvemento das liñas estratéxicas da Axenda Científica do centro e contribúan ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS

- Aberto segundo prazo:
  - ATA o 25 de setembro de 2025 ás 23.59 h.

• [BASES DA CONVOCATORIA \(PDF\)](#) · [ANEXO I: formulario solicitude](#) · [ANEXO II: declaración de axudas](#)

**Animádevos a presentar as vosas propostas!!**

# AXENDA



## >>> DEFENSA DE TESE: MARIANA DOS SANTOS (UVIGO)

MARTES  
22/07  
11:00H

**"Experiential Marketing in Slow Food Restaurants: Analysis of the Influence in Value Perception, Customer Satisfaction and Post-Purchase Intention"**

- Dirección: Pablo Cabanelas Lorenzo e Ana Isabel Dopico Parada
- MODALIDADE: presencial.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Salón de Graos.



## >>> DEFENSA DE TESE: ADRIÁN HERNÁNDEZ MARTÍN (UVIGO)

MÉRCORES  
23/07  
10:00H

**"Three Essays on Fiscal Policy, Poverty and Inequality"**

- Dirección de tese: Fidel Picos Sánchez e Olga Canto Sánchez
- MODALIDADE: presencial.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula-seminario 8.




## >>> DEFENSA DE TESE: JOANA CAROLINA GÓMEZ SILVA (UVIGO)

MÉRCORES  
23/07  
11:00H

**"International Risk in Early Internationalists: An Analysis of Trajectories, Causalities, and Persistence Throughout the Initial Years of Internationalisation"**

- MODALIDADE: presencial.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Salón de Graos.
- Dirección: Miguel González Loureiro.



## >>> "DESIGUALDADE, POBREZA, IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E POLÍTICAS PÚBLICAS"

VIGO  
4 e 5  
SETEMBRO

As investigadoras de ECOBAS **Olga Alonso Villar e Coral del Río** organizan xunto con Carlos Gradín o XI EQUALITAS Workshop no que participarán persoas expertas de diversas universidades españolas.

- PRESENCIAL: VIGO. Edificio Redeiras. Rúa do Berbés, 11.
- [Descargar Programa](#)
- LIBRE ACCESO. **INSCRIPCIÓN antes do 28 de xullo** mediante email a: [crio@uvigo.gal](mailto:crio@uvigo.gal)



**AVANCE  
SETEMBRO/OUTUBRO**



>>> **CURSO | O PAPEL DA EÓLICA MARIÑA COMO VECTOR SOCIOECONÓMICO E TECNOLÓXICO DA TRANSICIÓN ENERXÉTICA EN GALICIA: RETOS E OPORTUNIDADES**

**A Coruña  
17 a 19  
SETEMBRO**

A cátedra Greenalia-UDC de que dirixe o investigador de ECOBAS **Fernando de Llano** organiza este curso, aberto a toda a comunidade, na Facultade de Economía e Empresa (Campus de Elviña).

O programa percorrerá cunha visión completa e experta, a cadea de valor da eólica mariña desde as distintas perspectivas: academia, tecnólogos e profesionais das empresas do sector.

- Horario: de 9:30 a 13:30 e de 16:00 a 17:00 h
- [Máis información e INSCRIPCIÓN AQUÍ](#)

**g** | **CÁTEDRA GREENALIA – UDC**  
para la Transición Energética

>>> **III JORNADA AFFE | STARTUPS ANTE UN ENTORNO CONVULSO. O PAPEL DA CONTABILIDADE E AS FINANZAS.**

**Valencia,  
6 de  
OUTUBRO**

O Observatorio AFFE promovido e participado por persoal investigador de ECOBAS, en colaboración con expertos doutras institucións alleas ao SUG, organiza a terceira edición deste encontro anual que se consolida como evento de interese nacional e por primeira vez se celebra fora de Galicia:

- LUGAR: Marina de Empresas, VALENCIA
- FORMATO: Híbrido, presencial e online
- Máis información e inscricións, [AQUÍ](#)



>>> **CURSO INTRODUCTORIO DE R (2ª EDICIÓN) CON JAVIER ROCA PARDIÑAS**

**Online,  
9 e 10  
OUTUBRO**

Por segundo ano consecutivo o Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial ofrece en exclusiva para o seu alumnado esta formación especializada.

- Formador: Javier Roca Pardiñas, investigador de CITMAGA
- Modalidade: 100% online
- Destinatarios: EXCLUSIVAMENTE alumnado do Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial
- Horario: de 9:30 a 13:30 h
- Matrícula: gratuita
- Inscripción: proximamente



INTERUNIVERSITY DOCTORAL PROGRAM IN  
ECONOMIC ANALYSIS AND BUSINESS  
STRATEGY

**PRODUCCIÓN  
CIENTÍFICA**



»»» WORKING PAPER SERIES

PUBLICACIONES

PROXECTOS


WORKING PAPERS

ECOBAS




A través da Working Paper Series de ECOBAS achegamos a toda a comunidade de ciencias sociais novos traballos en progreso compartidos polos membros de noso equipo investigador.

Agardamos as vosas achegas, que podeades enviar en calquera momento, ao buzón [direccion.cientifica@ecobas.gal](mailto:direccion.cientifica@ecobas.gal).



- **ECOBAS WPS 01/25**  
**Fernando del Río & Eduardo L. Giménez**  
[Childhood Labor and Schooling: Land Redistribution and Trade Liberalization in Agrarian Economics](#)



- **ECOBAS WPS 02/25**  
**Fátima Antelo, Eduardo L. Giménez,  
 Lucas López Manuel & Xosé Henrique Vázquez**  
[When Managers Cross the Line: A Theory of Managerial Opportunism in the Employment Relationship](#)

»»» LIBROS

- Editores: Rodrigo Lozano, **Maria Barreiro-Gen**, Francisco J. Lozano (2025)  
[Developing Sustainability Competences Through Pedagogical Approaches. An International Study of University Students](#)  
 Springer Cham

## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



### >>> NOVOS ARTIGOS CIENTÍFICOS DO PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

- **Rodríguez, X.A., Martínez Roget, F. & Loureiro, M. L.** (2025)  
[Crises and tourism demand in Spain](#)  
*Heliyon*
- Guan, J.-L., Lee, T.-R., **Ferro-Soto, C.**, Svensson, G., & Høgevoid, N. M. (2025)  
[Avoiding opportunism and conflict in buyer and seller partnerships through trust, commitment and satisfaction](#)  
*Asia Pacific Journal of Marketing and Logistics*
- **Hervés-Beloso, C.**, Khan, M. A., & Moreno-García, E. (2025)  
[On No-Envy and Fair Allocations in General Equilibrium Theory](#)  
*Journal of Dynamics and Games*, 12(4), 382-391.
- Fernández Polanco, J., **Fernández-González, R.**, & Bjorndal, T. (2025)  
[Price and market structure in the European market of farmed turbot](#)  
*Aquaculture Economics and Management*
- **Otero González, L., Durán Santomil, P.**, Marouf, D., & Vieito, J. P. (2025)  
[Are ratings and past performance good predictors of future performance in emerging markets mutual funds?](#)  
*British Accounting Review*
- **Maside-Sanfiz, J. M., Iglesias-Casal, A.**, Mazahreh, Q. A. S., & **López-Andión, C.** (2025)  
[Market Structure and Technical Efficiency of Banks in the MENA Region](#)  
*SAGE Open*, 15(2)
- **Rodríguez-Míguez, E., & Sampayo, A.** (2025)  
[Authors' Reply to Sadia Farhana's Comment on: "Comparison of Caregiver and General Population Preferences for Dependency-Related Health States"](#)  
*Applied Health Economics and Health Policy*. *Adis*.
- **Membiela-Pollán, M.**, Teixeira, S., Sánchez Amboage, E., & Crespo Pereira, V. (2025)  
[El peligro del fenómeno Nantucket: actividad pesquera en Galicia: economía de la identidad, marketing social y políticas públicas](#)  
*Anuario de estudios marítimos*, 4, 201-237
- González-Laxe, F., **Novo-Corti, I.**, & **Picatoste Novo, J.** (2025)  
[La competitividad de Galicia a través de una visión panorámica de los tráfico portuarios](#)  
*Anuario de estudios marítimos*, 4, 271-310
- **Alonso Villar, O. & Del Río, C.** (2025)  
[How Do Same-Sex Couples Fare in the U.S. Income Distribution?](#)  
*Review of Economics of the Household* (forthcoming)

## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



### >>> NOVAS PUBLICACIÓNS DO PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

#### >>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- **Rivo López, E., Villanueva Villar, M.,** Pardo López, C. & Cortés García, M. (2025)  
[Environmental sustainability reporting: a systematic and bibliometric review of two decades of research](#)  
*Future Business Journal*
- **Alonso Villar, O. & Del Río Otero, C.**  
[Intersectionality and Labor Market Outcomes](#)  
*IZA World of Labor 2025: 518*
- Picatoste Novo, I., Mesquita, A., & **López-Arranz, A.** (2025).  
[Tecnología y fiscalidad en el sector marítimo: un enfoque integral hacia la sostenibilidad laboral](#)  
*Anuario de estudios marítimos, 4, 175-200.*
- **Martín-Legendre, J. I., & Rungo, P.** (2025).  
[The uneven impact of inequality on voter turnout in urban and rural Spain](#)  
*Public Choice*

#### >>> CAPÍTULOS DE LIBRO

>>>> En *La España descentralizada: una historia de fueros y huevos*, Instituto de Estudios Fiscales:

- **Vaquero García, A.** (2025)
  - El Impuesto sobre Plusvalías, ¿qué se puede hacer?
  - La estrategia del palo y la zanahoria mejora la rendición de cuentas de las entidades locales.
  - La necesaria reorganización de la planta local.
  - La reforma fiscal local. Quo vadis?
  - Las entidades locales: un rompeolas de proximidad durante la crisis de la COVID-19.
  - Mancomunidades de municipios: mucho por mejorar.
  - Siete claves que deben aplicar las Entidades Locales para evitar el despoblamiento rural en la nueva normalidad.
  - Smart cities ¿Realidad o ficción?
  - Temporalidad en el empleo público local: Un mal endémico.
  - Un Ingreso Mínimo Vital con gestión compartida.
  - ¿Para cuándo una verdadera reforma fiscal a nivel local?
  - ¿Qué papel han de jugar los ayuntamientos tras la COVID-19?
  - ¿Qué pueden hacer las administraciones locales para mitigar los efectos de la COVID-19?
- **Varela-Candamio, L.** (2025)
  - Año nuevo, financiación autonómica nueva.

>>>> En *Developing Sustainability Competences Through Pedagogical Approaches. An International Study of University Students*, Springer Cham:

- Gago Cortés, C. & **Alló, M.** (2025)
  - [Sustainability Competences and Pedagogical Approaches at the Universidade da Coruña](#)

## ACTUALIDADE



### >>> ECOBAS, BIOGA E GAIN PRESENTARON A SÚA ALIANZA NO MARCO DA XORNADA BIOCONNECT



Responsables de ECOBAS, do Clúster da Biotecnoloxía de Galicia (BIOGA) e da Axencia Galega de Innovación (GAIN) se deron cita hoxe na xornada Bioconnect, encontro no marco do cal se deu a coñecer a alianza estratéxica que as tres entidades están a artellar para mobilizar a transferencia do coñecemento no ecosistema ciencia-empresa dun sector produtivo clave para o futuro de Galicia.

A coordinadora de Transferencia de ECOBAS, **Isabel Neira**, explicou ante unha vintena de empresas o poder innovador e transformador que xurdirá da aposta estratéxica e da suma de capacidades entre ECOBAS, BIOGA e GAIN. Impulsar a bioeconomía, asegurar o uso eficiente e a valorización dos recursos endóxenos do territorio e promover novos modelos sostibles para o sector son os obxectivos dunha alianza que porá o foco en pemes e outros axentes do ecosistema (startups, spin-offs, axentes de la I+D).

Neste encontro, membros do equipo ECOBAS desenvolveron unha dinámica colaborativa cos representantes das empresas para identificar retos e oportunidades de colaboración para o desenvolvemento de proxectos conxuntos.



### >>> NOVO MESTRADO INTERUNIVERSITARIO DE ECONOMÍA CIRCULAR

Baixo a coordinación da investigadora de ECOBAS e profesora da Universidade de Vigo **Elena Rivo**, o vindeiro curso 25/26 botará a andar no Campus da Auga, en Ourense, o novo Mestrado Interuniversitario de Economía Circular.

Este título, que será compartido polas tres universidades galegas UVIGO-USC-UDC, conta cun cadro docente integrado por persoal experto multidisciplinar no que participan as ciencias ambientais, a enxeñaría e diversas áreas das ciencias sociais.

Para coñecer a información completa, obxectivos, materias, cadro docente, etc., visita a [web oficial do título](#).



## TRANSFERENCIA




### >>> [28 M€ A TRAVÉS DO NOVO PROGRAMA NEXOS | CONVOCATORIA](#) **INMINENTE**

Está previsto que nestes días, antes de rematar o mes de xullo, se publique a convocatoria do **programa NEXOS de axudas para a realización de proxectos colaborativos de I+D+i entre empresas en ámbitos estratéxicos para Galicia:**

- **Agroalimentación**
- **Benestar e saúde**
- **Economía circular e enerxía**
- **Fabricación avanzada**



 **Prazo de presentación de solicitudes:** dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG **ata o 22 de setembro de 2025.**

### >>> [CONVOCATORIA AMIF-2025-TF2-AG-INTE DO FONDO DE ASILO, MIGRACIÓN E INTEGRACIÓN \(AMIF\) DA COMISIÓN EUROPEA](#)

Dirixida a financiar proxectos transnacionais sen ánimo de lucro que promovan a integración social, económica, sanitaria, educativa e dixital de persoas inmigrantes nos Estados membros da UE, cun enfoque baseado na igualdade, a non discriminación, a perspectiva de xénero e a atención a colectivos vulnerables (mulleres, menores e persoas con discapacidade, entre outros).

Cada proxecto debe centrarse exclusivamente nunha das 5 liñas temáticas da convocatoria. De especial intese para ECOBAS, a liña **1.- Integración social e económica de mulleres inmigrantes** (AMIF-2025-TF2-AG-INTE-01-WOMEN), cun financiamento por proxecto de entre 1,5 e 3 millóns €, co obxectivo de facilitar o acceso ao emprego, á participación social e ao empoderamento, especialmente para aquelas en situacións de vulnerabilidade.

A Comisión Europea valorará especialmente:

- Propostas con ampla cobertura territorial e socios de distintas rexións da UE.
- Parcerías entre entidades con distintos niveis de experiencia en integración migratoria.
- Iniciativas que superen o mínimo de Estados membros participantes (cando sexa pertinente).
- A implicación de actores locais, rexionais e organizacións da sociedade civil.

 **Prazo:** ata o 16/09/25 ás 17:00 CET  **Duración máxima dos proxectos:** 36 meses

- As propostas deberán incluír unha estratexia clara de seguimento e avaliación con indicadores (KPIs), así como medidas de difusión, sustentabilidade e transferencia de resultados.
- Documentación oficial da convocatoria: [Call fiche AMIF-2025-TF2-AG-INTE \(PDE\)](#)

## HORIZONTE EUROPA



### »»» BORRADORES PROGRAMAS DE TRABAJO HE 2026-2027

A Comisión Europea (CE) decidiu facer públicos os borradores dos Programas de Traballo (WP) de Horizonte Europa 2026-2027 de varios Clústeres do Pilar II de Horizonte Europa.

Aínda que son públicos, se trata de documentos PROVISIONAIS. Únicamente terán validez legal os documentos finalmente adoptados pola CE. É moi posible que antes da súa aprobación algún "topic" experimente modificacións, tanto na súa descripción ou alcance, como no orzamento ou datas de apertura e peche.

A continuación inclúense os enlaces ás páxinas nas que pode descargar os documentos dispoñibles actualmente:

- Clúster 1 - **Saúde**: [Draft Implementing Decision - Work Programme 2026-2027 - Part 4 - Health - version 2 of 13/05/2025](#)
- Clúster 4 - **Dixital, Industria e Espazo**: [Horizon Europe Work Programme 2026-27 - Part 7. Digital, Industry and Space - version 2 - 28 05 2025](#)
- Clúster 5 - **Clima, Enerxía e Mobilidade**: [Draft Implementing Decision - Work Programme 2026-2027 - Part 8 - Climate, Energy and Mobility - version 2 of 27/05/2025](#)
- Clúster 6 - **Alimentación, Bioeconomía, Recursos Naturais, Agricultura e Medioambiente**: [Draft Implementing Decision - Work Programme 2026-2027 \[Part 9. Food, Bioeconomy, Natural Resources, Agriculture and Environment\] v2 of 27/05/2025](#)
- Misións UE: [Draft Implementing Decision - Work Programme 2026-2027- part 12 Missions - version 2 - 20 May 2025](#)
- Nova Bauhaus Europea: [Draft Implementing Decision - Work Programme part New European Bauhaus Facility \(NEB\) - version 2 20/05/2025](#)
- [WIDERA](#)

### »»» OUTRAS CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS

- [European Defense Fund 2025](#)

Prazo previsto de peche: 16/10/2025

- [RIVCircular Matchmaking Platform](#) (ata o 31/01/2026)


Lanzamento da RIVCircular Matchmaking Platform, un proxecto europeo (HE-EIE) que entre as súas actividades contén unha convocatoria de financiamento de proxectos de innovación (IA) na Economía Circular (TRL6-8). Podes rexistrar o teu perfil na plataforma e buscar socios das rexións participantes (Madrid, Innlandet, Haut-de-France, Kosiçe, kyiv e Brandenburg).



>>> **DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS 2025** 

O programa financia o desenvolvemento dunha tese de doutoramento na contorna empresarial, baseadas en proxectos de investigación que impliquen unha colaboración efectiva entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía (solicitante), e unha universidade do Sistema Galego Universitario (SUG) por un periodo máximo de 4 anos.

- Alcance previsto: 15 teses de doutoramento na contorna empresarial, 12 realizadas en empresas e 3 en centros de innovación e tecnoloxía.
- Data de publicación da convocatoria: 18/07/2025.
- Prazo de presentación: un mes dende a publicación no DOG.

 Correo electrónico de contacto:  
[axudastalentotransferencia.gain@xunta.gal](mailto:axudastalentotransferencia.gain@xunta.gal)



>>> **PROGRAMA SPRINGBOARD DE BRITISH COUNCIL ESPAÑA** 

O Programa Springboard busca facilitar a mobilidade entre grupos de xoves investigadores que desexen colaborar, xa sexa con vista a presentar propostas conxuntas de financiamento (por exemplo, a través de Horizonte Europa) ou a traballar en publicacións compartidas.

O programa inclúe:

- Unha reunión Springboard entre os membros do equipo colaborador de España e do Reino Unido, deseñada para:
  - Reunir aos equipos bilaterais para planificar un proxecto ou publicación conxunta
  - Servir como trampolín para solicitudes conxuntas a organismos de financiamento nacionais, europeos ou internacionais.
- Formación online en habilidades comunicativas para as persoas investigadoras en etapa inicial que formen parte do equipo.
- Estancias de investigación no laboratorio do socio para doutorandos e posdoutorandos que participen no programa.
- Obradoiros bilaterais Reino Unido-España, organizados polos socios e que terán lugar en España ou en Reino Unido.



 Prazo de presentación: ata o 30 de setembro de 2025 ás 17:00 h (CET).

>>> **ERC STARTINT GRANT** 

- [ERC STG 2026. ERC Work programe 2026](#)  
Prazo previsto de peche: 14/10/2025



**European Research Council**  
Established by the European Commission

## MÁIS COMUNIDADE



### >>> MEDALLAS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA 2025

As “Medallas de investigación da Real Academia Galega de Ciencias” recoñecen a traxectoria de científicos e científicas en activo, con actividade consolidada, desenvolvida maioritariamente en Galicia.

Outórganse 5 medallas á investigación, unha por cada sección da RAGC:

- Medalla “Ángeles Alvares González”, no ámbito da Bioloxía e CC. da Saúde.
- Medalla “Isidro Parga Pondal”, no ámbito das Ciencias Técnicas.
- Medalla “Antonio Casares Rodríguez”, no ámbito da Química e Xeoloxía.
- Medalla “Domingo García-Sabell Rivas”, no ámbito das CC. Económicas e Sociais.
- Medalla “Enrique Vidal Abascal”, no ámbito das Matemáticas, Física e CC. da Computación.



PRAZO: ata o 12/09/2025



[Descarga as bases da convocatoria \(pdf\)](#)



### >>> IX EDICIÓN PREMIOS GCiencia GALICIA SPIN OFF

O portal GCiencia convoca a IX Edición dos Premios GCiencia Galicia Spin-off para recoñecer as mellores iniciativas empresariais xurdidas no ámbito investigador galego, recoñecer a transferencia de coñecemento entre a Universidade e a Empresa e alentar o emprendemento que xorde no seo do ámbito académico.

Os Premios consistirán en:

- Selo de Calidade: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.
- Idea Emerxente: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.
- Grupo de Investigación: peza artesanal de deseño exclusivo e diploma acreditativo.

PRAZO de presentación de candidaturas ata o 31/07/25



[Bases da convocatoria  
X Edición Premios  
GCiencia Galicia Spin Off](#)

### ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

